

BOAS PRÁCTICAS NO USO DE ESTANTES

OBXECTO DA COMUNICACIÓN

Recordar a todos/as os/as traballadores/as que utilizan estantes ou outros sistemas de almacenamento, a súa correcta instalación, a forma segura de utilizalos, a detección de anomalías e outros conceptos.

FACTORES DE RISCO
Caída de obxectos manipulados, derrubados, etc.
Golpes con obxectos almacenados
Atrapamento por envorcado dos estantes

MEDIDAS PREVENTIVAS

Como medidas básicas de prevención, recoméndanse as seguintes:

- Establecer ou delimitar zonas para o almacenamento e colocación de materiais.
- Garantir a estabilidade dos sistemas de almacenamento e da estiba dos materiais almacenados.
- Arriostar os estantes a paramentos horizontais e/ou verticais para impedir o seu envorcado.



- Estibar os obxectos máis pesados nos estantes inferiores
- Evitar que os obxectos sobresaian do bordo dos andeis
- Substituír os andeis deteriorados ou en mal estado
- Comprobar o cumprimento dos criterios de almacenamento, cunha periodicidade mínima dun ano, segundo a seguinte guía:
 - o Correcto estado dos estantes en canto a: ancoraxes, bastidores, arriostamentos, estabilidade, topes de apertura adecuados, dispositivos anti-envorcado, etc.
 - o Correcto estado de estantes, sen sobrepassar a súa capacidade de almacenamento
 - o Ausencia de obxectos que sobresaian do borde dos andeis.
 - o Correcta estiba dos obxectos, os máis pesados nos andeis inferiores.
 - o Detectar: elementos deformados, defectos de verticalidade, debilitamento do chan, falta de gatillos de seguridade, cargas deterioradas, etc.
 - o En caso de que o sistema non estea dotado de dispositivo anti-envorcado, pechar o caixón antes de abrir o seguinte.
 - o Non deixar caixóns abertos.

LEMBRA:

Como usuario/a de sistemas de almacenamento, comunica calquera anomalía que detectes.

¡EVITA UN ACCIDENTE!